



BOP

MÉRCORES, 1 DE DECEMBRO DE 2021

N.º 276

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE. AUGAS DE GALICIA. SERVIZO TERRITORIAL DE LUGO

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

O Instituto Galego da Vivenda e Solo solicita de Augas de Galicia a autorización de obras en zona de policía. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.W27.79026

As obras solicitadas consisten na rehabilitación da vivenda con referencia catastral 3095204PJ3039N0001PO na zona de policía do río Valiñadares, no lugar dos Muíños, na parroquia de Santiago, no concello de Mondoñedo (Lugo).

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Mondoñedo ou nas oficinas deste servizo, situadas na Ronda da Muralla, 70, 2º, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Lugo, 225 de novembro de 2021.- o xefe do Servizo Territorial de Lugo (P.S. Resol. Dirección Augas de Galicia 18/08/2021) - O xefe do Servizo Territorial da Zona Hidrográfica Galicia-Norte - Néstor Rodríguez Arias.

R. 3408

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

SERVIZO DE INTERVENCIÓN

Anuncio

Aprobouse inicialmente polo Pleno da Excma. Deputación Provincial, en sesión ordinaria celebrada o 30.11.2021, o Proxecto de Orzamento da Deputación Provincial para o ano 2022, e a documentación que o acompaña.

Exponse ao público na Secretaría desta Deputación, por espazo de 15 días hábiles, en cumprimento do disposto no artigo 112.3 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, durante os cales admitiránse reclamacións aos mesmos.

Transcorrido dito prazo sen que se presenten reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, de conformidade co disposto no art. 169.1 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Lugo, trinta de novembro de dous mil vinte e un.- **O PRESIDENTE**, José Tomé Roca. **A SECRETARIA XERAL**, María Esther Álvarez Martínez.

R. 3458

CONCELLOS
CASTRO DE REI
Anuncio

Aprobación definitiva de suplemento de crédito 1/2021

ANUNCIO DE APROBACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO NÚM. 1/2021

En cumprimento do artigo 169.1, por remisión do 177.2, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, ao non presentarse alegacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario de data 25 de outubro de 2021, sobre o expediente de suplemento de créditos núm. 1/2021 do orzamento en vigor, financiado con cargo ao Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais, como segue a continuación:

ESTADO DE GASTOS

CAPÍTULO	DESCRICIÓN	CONSIGNACIÓN INICIAL	CONSIGNACIÓN DEFINITIVA
1	Gastos de persoal	1.187.593,88	1.187.593,88
2	Gastos correntes en bens e servizos	2.479.788,71	2.879.788,71
3	Gastos financeiros	2.500,00	2.500,00
4	Transferencias correntes	172.810,00	172.810,00
6	Investimentos reais	924.113,89	924.113,89
7	Transferencias de capital	0,00	0,00
8	Activos financeiros	0,00	0,00
9	Pasivos financeiros	0,00	0,00
IMPORTE TOTAL		4.766.806,48	5.166.806,48

ESTADO DE INGRESOS

CAPÍTULO	DESCRICIÓN	CONSIGNACIÓN INICIAL	CONSIGNACIÓN DEFINITIVA
1	Impostos directos	1.075.000,00	1.075.000,00
2	Impostos indirectos	175.000,00	175.000,00
3	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	531.600,00	531.600,00
4	Transferencias correntes	2.296.732,76	2.296.732,76
5	Ingresos patrimoniais	102.792,00	102.792,00
6	Enaxenación de inversión reais	0,00	0,00
7	Transferencias de capital	585.681,72	585.681,72
8	Activos financeiros	0,00	400.000,00
IMPORTE TOTAL		4.766.806,48	5.166.806,48

O que se publica para os efectos previstos na lexislación citada, facendo constar que contra a aprobación definitiva poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, segundo o disposto no artigo 171 Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, na forma e prazo establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

Sen prexuízo diso, a teor do establecido no artigo 171.3 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, a interposición do devandito recurso non supenderá por si soa a efectividade do acto ou acordo impugnado.

Castro de Rei, 24 de novembro de 2021.- Alcalde-presidente, Francisco Javier Balado Teijeiro.

R. 3410

GUITIRIZ

Anuncio

Aprobado por Decreto de Alcaldía os Padróns fiscais dos servizos de punto de atención á infancia (P.A.I.) correspondente ao mes de outubro de 2021, do servizo público de Centro de Día correspondente ao mes de outubro de 2021 e servizo público de axuda no fogar (SAF) correspondentes aos meses de setembro e outubro de 2021, que comprende os seguintes recibos:

1.- Padrón das taxas de prestación do servizo público do punto de atención á infancia (P.A.I.) correspondente ao mes de outubro de 2021, integrado por 24 recibos por importe total de 617,50 €.

2.- Padrón das taxas de prestación do servizo público de Centro de Día correspondente ao mes de outubro de 2021, integrado por 14 recibos por importe total de 3.613,42 €.

3.- Padrón das taxas de prestación do servizo público de axuda no fogar (SAF) na modalidade de libre concorrència e dependencia correspondentes aos meses de setembro e outubro de 2021, polos seguintes importes:

- Modalidade libre concorrència: 3.458,44 €
- Modalidade dependencia: 11.764,57 €

Os Padróns quedarán expostos ao público no Concello durante o prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ao da inserción do presente edicto no BOP, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobados no caso de que non se produzan reclamacións contra os mesmos.

Contra o acordo de aprobación dos correspondentes Padróns, poderá interpoñerse con carácter perceptivo recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes, contado dende o día inmediato seguinte ó do remate da exposición pública dos correspondentes Padróns.

A cobranza en período voluntario das taxas dos padróns dos servizos de punto de atención á infancia (P.A.I.) correspondente ao mes de outubro de 2021, do servizo público de Centro de Día correspondente ao mes de outubro de 2021 e servizo público de axuda no fogar (SAF) correspondentes aos meses de setembro e outubro de 2021, terá lugar dende o día 12/11/2021 ao 12/01/2022 (ambos incluídos). Os recibos que figuran domiciliados, enviaranse ás respectivas entidades para o seu cargo nas contas designadas polos contribuíntes.

A presente publicación surtirá efectos de notificación colectiva da liquidación tributaria, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Guitiriz, 19 de novembro de 2021.- A Alcaldesa, María Sol Morandeira Morandeira.

R. 3411

Anuncio

Aprobado por Decreto de Alcaldía o Padrón fiscal do servizo das Escolas Deportivas Municipais correspondente ao mes de outubro de 2021, que comprende un total de 191 recibos por un importe de 2.154,40 euros.

O Padrón quedará exposto ao público no Concello durante o prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ao da inserción do presente edicto no BOP, ao obxecto de que poida ser examinado e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobado no caso de que non se produzan reclamacións contra o mesmo.

Contra o acordo de aprobación do correspondente Padrón, poderá interpoñerse con carácter perceptivo recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes, contado dende o día inmediato seguinte ao do remate da exposición pública do correspondente Padrón.

A cobranza en período voluntario das taxas do padrón do servizo das Escolas Deportivas Municipais correspondentes ao mes de outubro de 2021, terá lugar dende o día 01/12/2021 ao 1/02/2022 (ambos

incluídos). Os recibos que figuran domiciliados, enviaranse ás respectivas entidades para o seu cargo nas contas designadas polos contribuíntes.

A presente publicación surtirá efectos de notificación colectiva da liquidación tributaria, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Guitiriz, 17 de novembro de 2021.- A Alcaldesa, María Sol Morandeira Morandeira.

R. 3412

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO PARA 2022

Aprobado inicialmente en sesión ordinaria do Pleno deste Concello, do día 29 de novembro de 2021 o Orzamento Xeral deste Concello e do seu Organismo Autónomo "Instituto Municipal de Drogodependencias", así coma as súas Bases de Execución, e o cadro do persoal para o exercicio económico 2022, dacordo co previsto no artigo 169 do Texto Refundido da lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e o artigo 20 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, exponse ó público o expediente e a documentación preceptiva por un prazo de quince días desde a publicación deste anuncio, ós efectos de reclamacións e alegacións, o orzamento consideraráse definitivamente aprobado se durante ese prazo non se presentan reclamacións.

Monforte de Lemos, 30 de novembro de 2021.- O Alcalde, José Tomé Roca.

R. 3444

O VALADOURO

Anuncio

O Pleno deste Concello, en sesión extraordinaria celebrada o día 23 de novembro de 2021 acordou a aprobación inicial do expediente de modificación de complemento salarial da traballadora D^a María José Vázquez Pedreira, segundo establece o artigo

22.2 i) da LRBRL

O acordo sométese a información pública polo prazo de quince días, a contar desde o día seguinte ao de publicación do presente anuncio neste Boletín Oficial da Provincia.

Se transcorrido devandito prazo non se presentaron alegacións, considerárase aprobado definitivamente devandito Acordo.

O Valadouro a 25 de novembro de 2021. O Alcalde, Edmundo Maseda Maseda.

R. 3417

VILALBA

Anuncio

Aprobación definitiva da modificación 1/2021 das Bases de Execución do orzamento do exercicio 2021. Relación nominal de subvencións

Quedando definitivamente aprobado polo Pleno deste Concello o expediente de modificación das bases de execución do orzamento, relativo á relación de subvencións nominativas para o exercicio 2021, por acordo adoptado en sesión extraordinaria celebrada o día 29 de outubro de 2021 e polo transcurso do prazo de 15 días de exposición ó público; en cumprimento do disposto no artigo 169.3 do RDL 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise pública a entrada en vigor da seguinte modificación:

Aprobar a relación nominal de subvencións, nos artigos 41-42-43, das Bases de execución do orzamento do exercicio 2019 prorrogado para o 2021, integrada pola seguinte relación de subvencións nominativas:

PARTIDA	ENTIDADE	CIF	Nº REXISTRO	CONCEPTO	IMPORTE
312.48905	HOSPITAL ASILO	G27472927		Atención e asistencia social	50.000
135.48934	PROTECCIÓN CIVIL	G27190636		Funcionamento e mantemento	2.000
920.48908	FEGAMP - FEMP	V15160963		Funcionamento e mantemento	2.000
2310.48918	FUNDACIÓN VILALBA TERRA CHA	G27244169		Servizo persoas con discapacidade intelectual	65.000
312.48923	EX ALCOHÓLICOS	G27431428	30/2012	Rehabilitación de persoas alcohólicas	10.000
2310.48930	AS. CULTURAL GALEGA DE FORMACIÓN PERMANENTE DE ADULTOS	G15496607		Aulas da Terceira Idade	3.500
323.48948	ANPA ESCOLA EDUCACIÓN INFANTIL VILALBA	G27254101	70/2016	Actividades educación	2.000
323.48949	ANPA DO CEIP MANUEL MATO VIZOSO	G27493527	90/2017	Actividades educación	2.000
323.48950	APA CEIP ANTONIO ÍNSUA BERMÚDEZ	G27119833	82/2017	Actividades educación	2.000
327.78009	AS. DE VECIÑOS ESCOLA HABANERA DE TARDADE	G27383835	68/2016	Obras rehabilitación escola habanera	2.500
327.78010	AS. VECIÑOS DE CARBALLIDO	G27299767	109/2020	Obras reforma escola habanera	15.000
327.78011	AS. LIGA SANTABALLESA	G27347632	45/2013	Obras de reforma escola habanera	15.000
334.48911	AS. DE APICULTURA SERRA DA CARBA	G27500016	94/2018	Campañas vespa velutina	3.000
341.48912	CLUB TENIS VILALBÉS	G27183268	72/2016	Deporte	5.000
341.48917	CLUB LOITAS OLÍMPICAS	G27213131	51/2014	Deporte	9.000
341.48919	CLUB VILALBA FÚTBOL SALA	G27247667	4/2010	Deporte	9.000
341.48916	RACING CLUB VILALBÉS	G27119858	46/2014	Deporte	35.000
341.48936	CLUB DEPORTIVO SANTABALLÉS	G27142686	44/2013	Deporte	3.000
341.48937	AS. CULTURAL DEPORTIVA GOIRIZ	G27023019	59/2015	Deporte	2.000
341.48938	CLUB DEPORTIVO ALBENSE	G27159615	88/2017	Deporte	900
341.48939	CLUB TDM VILALBA	G27425149	38/2012	Deporte	2.000
341.48940	AG. POLIDEPORTIVA SAN RAMÓN DE VILALBA	G27444082	57/2015	Deporte	2.000

341.48941	CLUB BALONCESTO TERRA CHÁ	G27412683	43/2013	Deporte	2.000
341.48907	ASOCIACIÓN DEPORTIVA CATRO ROLDAS	G27234905	27/2012	Deporte	1.200
341.48952	CLUB PÁDEL VILALBA	G27490606	88/2017	Deporte	1.500
341.48953	CLUB ATLETISMO VILALBA	G27457837	50/2014	Deporte	1.500
341.48954	CLUB DEPORTIVO CODESIDO	G27194307	56/2015	Deporte	900
341.48955	CLUB CICLISTA TERRA CHÁ VILALBA	G27446558	47/2014	Deporte	1.500
341.48956	CLUB CICLISTA VILALBA AS PONTES	G27269158	47/2014	Deporte	1.000
341.48957	CLUB ATLÉTICO TERRA CHÁ	G27509843	103/2019	Deporte	900
334.48910	CORAL POLIFÓNICA VILALBESA	G27015734	12/2010	Actividade musical	4.000
334.48928	CORAL LUAR	G27171917	1/2010	Actividade musical	4.000
334.48925	IESCHÁ	G27268085	09/2010	Fomento da cultura	6.500
334.48927	CENTRO CULTURAL	V27014745	22/2011	Actividades culturais e educativas	2.000
334.48958	AS. AMIGOS DA LIGA SANTABALLESA	G27347632	45/2013	Actividade cultural	3.000
334.48945	ASOC. PRAZA SAN XOÁN	G27491000	85/2017	Actividades culturais e de lecer	2.000
334.48946	ESMUVI	G27493303	89/2017	Funcionamento da asociación	1.500
334.48947	AS. MULLERES ÍNSUA	G27375856	3/2010	Funcionamento da asociación	3.000
334.48951	AS. VECIÑOS SAN COSME DE NETE	G27219567	21/2011	Funcionamento da asociación	3.000
341.48932	AS. CULTURAL EN MOVEMENTO	G27483577	81/2017	Funcionamento da asociación	7.000
338.48914	COMISIÓNS DE FESTAS PARROQUIAIS			Organización festas	16.000
334.48911	AS. EMPRESARIOS SETE PONTES	G27162973	24/2011	Promoción comercio local	4.000
TOTAL					308.400

O que se publica para os efectos previstos na lexislación citada, facendo constar que contra a aprobación definitiva poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, segundo o disposto no artigo 171 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, no prazo de dous meses.

Vilalba, 26 de novembro de 2021.- Alcaldesa, Elba Veleiro Fernández.

R. 3441

VIVEIRO

*Anuncio***LICITACIÓN****1. APROBACIÓN DEL EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN**

- Órgano: Resolución de Alcaldía por avocación de competencias
- Fecha: 19 de noviembre de 2021

2. ENTIDAD ADJUDICADORA

- Organismo: Ayuntamiento de Viveiro
- Dependencia que tramita el expediente: Servicio de Contratación
- Domicilio: Plaza Mayor 19-20 / 27850 Viveiro / Lugo

3. OBJETO DEL CONTRATO

- Tipo de contrato: Contrato de concesión administrativa de dominio público.
- Objeto del contrato: Concesión administrativa de los puestos 3 y 4 de la Plaza municipal de Abastos de Viveiro.
- Número de expediente:
 - Servicio de Contratación CT 31/2021
 - Gestiona 9066/2021
- Plazo de concesión 10 años.

4. PROCEDIMIENTO DE ADJUDICACIÓN

- Procedimiento abierto

5. PRESUPUESTO BASE DE LICITACIÓN.**CÁNONES MENSUALES MEJORABLES AL ALZA**

NÚM. LOTE	PUESTO	SUP	PRECIO POR CADA MENSUALIDAD MEJORABLES AL ALZA POR LOS LICITADORES		
			Precio base	21% IVA	Precio total
1	3	7,15 m ²	112,93 €	23,71 €	136,64 €
2	4	12,82 m ²	202,47 €	42,52 €	244,99 €

6. GARANTÍAS

- Provisional: 2% del valor de dominio público objeto de ocupación.
- Definitiva: 3% del valor de dominio público objeto de ocupación.

7. OBTENCIÓN DE DOCUMENTACIÓN E INFORMACIÓN

- Entidad: Ayuntamiento de Viveiro / Servicio de Contratación
- Dirección: Plaza Mayor núm. 19-20
- Código postal y localidad: 27850 Viveiro
- Teléfonos: 982.56.04.24 - 982 56 01 28
- Fax: 982.56.11.47
- Correo electrónico: contratacion@viveiro.es
- El proyecto de pliego de cláusulas administrativas particulares y de prescripciones técnicas, regulador de la adjudicación del contrato, se podrán consultar en el perfil del contratante del Ayuntamiento, ubicado en la Plataforma de Contratación del Sector Público, pudiendo acceder al mismo desde la dirección www.viveiro.es, perfil del contratante, o bien directamente en la siguiente dirección: <https://contrataciondelestado.es/wps/portal/plataforma>.

h. Los interesados podrán solicitar información adicional sobre los pliegos y demás documentación complementaria con una antelación mínima de cinco días a la finalización del plazo de presentación de proposiciones.

8. PRESENTACIÓN DE OFERTAS

- a. **Fecha límite de presentación:** Treinta días hábiles (30), contados a partir del día siguiente al de publicación de este anuncio en este Boletín. En la Plataforma de Contratación del Sector Público constará día y hora de finalización del plazo de presentación de ofertas.
- b. **Forma y lugar de presentación:** contratación electrónica, subiendo los archivos de documentos a la Plataforma de Contratación del Sector Público.
- c. **Documentación a presentar:** La establecida en la cláusula 17 del pliego de cláusulas administrativas particulares (Forma de presentación de las proposiciones).
- d. **Hora límite de presentación:** Hasta las 23:59 horas del último día de presentación de proposiciones.

9. APERTURA Y VALORACIÓN DE LAS OFERTAS

- a. Órgano: Mesa de Contratación
- b. Domicilio: Salón de Actos / Plaza Mayor núm. 19-20, planta baja.
- c. Localidad: Viveiro (Lugo)
- d. Fecha y hora: Será comunicada a los licitadores.
- e. Forma de celebración del acto: electrónica, accediendo a la Plataforma de Contratación del Sector Público. Los licitadores pueden actuar de forma presencial o por videoconferencia.
- f. Criterios de valoración de las ofertas: el señalado en la cláusula 18 del pliego de cláusulas administrativas particulares.

Viveiro, 25 de noviembre de 2021.- LA ALCALDESA, María Loureiro García.

R. 3419

XOVE

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía nº 2021- 0899 de data 19 de novembro de 2021, aprobose inicialmente o Padrón da Taxa pola prestación dos servizos de subministración de auga, no que se inclúe o canon de auga, e pola recollida de lixo domiciliaria correspondente ó primeiro trimestre de 2021.

Por medio do presente ponse no coñecemento dos contribuíntes obrigados ó pago, que dispoñen de un prazo de quince días, contados a partires da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ó obxecto de que poda ser examinado e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevado a definitivo si, transcorrido o prazo de exposición pública, non se tivese formulado ningunha reclamación contra o mesmo.

Contra o mesmo poderase interpoñer o recurso de reposición no prazo de un mes dende a publicación deste anuncio, sendo o procedente no caso do canon da auga a reclamación económico - administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación.

PERÍODO DE COBRO

De conformidade co disposto no artigo 24 do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, fíxase como prazo de ingreso en período voluntario o comprendido entre os días 22 de novembro de 2021 ata 21 de xaneiro de 2021.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iniciarase o período executivo, esixíndose as débedas polo procedemento de constrinximento, reportando o recargo de constrinximento, xuros de demora e, no seu caso, as costas que se produzan.

No caso do canon da auga a falta de pago no período voluntario suporá a súa esixencia directamente pola vía de constrinximento pola Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

O presente anuncio, en ámbolos dous supostos de anuncio de exposición ó público do Padrón e período de cobro en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ó amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro.

Xove, 19 de novembro de 2021 . O Alcalde, Jose Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 3420
